

Reunidos en Santiago de Compostela as 11:30 horas do día 17 de outubro de 2017, comparecen nas instalacións do Centro Empresarial do Polígono do Tambre sitas en Vía Edison nº 1, 15890 Santiago de Compostela, os seguintes:

Por parte da empresa:
Pablo Arbones Maciñeira
Mª Jesús Cobas Ríos

Polas Centrais Sindicais:
Juan Manuel Loureiro Taibo (UGT)
Javier Lareu Rodiño (CC.OO)
Diana Rodríguez Regueiro (CIG)
José Francisco Sánchez Brunete (CSIF)


As partes asinantes adoptan os seguintes acordos que afectan á regulación das condicións de traballo do persoal ao servizo da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. facilitando o normal desenvolvementos das relacións laborais na empresa:



1. NOCTURNIDADES

- 
- 1.1. As partes acordan o pagamento das horas de traballo efectivo desenvolto en horario nocturno (entre as 22:00 e as 6:00 horas) a partires da campaña 2017. O salario correspondente á xornada efectiva de traballo desenvolto en dito horario incrementarase nun 30% en concepto de complemento de nocturnidade. O persoal que non realice toda a quenda en horario nocturno percibirá o incremento proporcional ao tempo investido en dita franxa horaria. A efectos de cálculo do complemento de nocturnidade, establécese a seguinte fórmula:

Valor Hora Nocturna = (Salario Bruto Anual/Nº Horas Anuais)x0,30

- 
- 1.2. Cando por razóns de organización, a quenda de noite finalice despois das seis horas, o complemento de nocturnidade estenderase, unicamente para efectos económicos, ata a terminación da dita quenda, sempre e cando o traballo desenvolto en horas nocturnas (entre as 22.00h e as 6.00h) sexa igual ou superior a 6 horas. Procurarase, na medida do posible a equidade das quendas entre brigadas.

- 
- 1.3. Aboaranse, nun pago único, en concepto de atrasos as noites realizadas no ano 2016 de acordo coa formula recollida neste punto (agás as que xa fosen abonadas en virtude de sentenza xudicial firme). Asímesmo pagaranse os atrasos polas noites correspondentes ao período desde xaneiro de 2017 ata a finalización da presente campaña. O abono destas cuantías realizarase como data límite na nómina do mes 12/2017. Unha vez liquidados os atrasos, a nocturnidade aboarase a mes vencido coa correspondente nómina.

- 
- 1.4. O persoal de xestión que realice gardas localizables, percibirá un plus polas horas nocturnas de dispoñibilidade que consistirá no 37,5% do valor da hora nocturna calculada no punto 1.1:

Valor Hora Dispoñibilidade Nocturna = [(Salario Bruto Anual/Nº Horas Anuais)x0,30]x 0,375

- 
- 1.5. O pacto que se recolle neste punto ten carácter de acordo de empresa sobre unha materia específica e exclusiva: as horas nocturnas, motivo polo cal non é extensible a ningún outro dereito salarial, non ten carácter de convenio colectivo e non implica a renuncia por parte dos traballadores e traballadoras ás súas demandas individuais.

2. PERMISOS E LICENZAS

As partes acordan basearse na Resolución de 24 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas do persoal ao servizo da Administración Autonómica e adaptala ás específicas condicións da Empresa Pública SEAGA para acadar a unha regulación propia na materia. Neste senso, crearase unha comisión paritaria nun prazo máximo de un mes dende a sinatura do presente co fin de negociar aqueles puntos que poidan ser obxecto de controversia. Unha vez que se chegue a acordo, dita comisión quedará constituída en Comisión de Seguemento do mesmo.

3. ANEXO CONDICIÓN DO PERSOAL DE SEAGA ADSCRITO A TAREFAS DE PREVENCIÓN, VIXILANCIA E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.


As partes acordan basearse no Anexo de condicións especiais de traballo do persoal do SPDCIF da Xunta de Galicia e adaptalo ás específicas condicións e normativa interna de SEAGA para acadar unha regulación propia na materia. A estes efectos constituirase unha Comisión Paritaria nun prazo máximo de un mes dende a sinatura do presente co fin de acadar unha regulación propia na materia. Unha vez que se chegue a acordo, dita comisión quedará constituída en Comisión de Seguemento do mesmo.

4. ESTABILIDADE

Derivado do análise da evolución na contratación dos últimos anos, como froito da carga de encomendas xestionadas pola empresa, esta comprométese coas Organizacións Sindicais asinantes do presente Acordo, a explorar fórmulas que permitan unha maior carga de traballo para o persoal que traballa de forma discontinua, sempre de acordo coa normativa laboral vixente e cos principios constitucionais que rexen o acceso ao emprego no Sector Público. A distribución e o procedemento de selección serán obxecto da citada negociación, establecendo os criterios preferentes e os sistemas de baremación correspondentes nas bases específicas dos procesos selectivos que regularán as contratacións.

Os pactos que se recollen neste documento teñen carácter de acordo de empresa sobre as materias específicas que no mesmo se detallan, non ten carácter de convenio colectivo e non implica a renuncia por parte dos traballadores e traballadoras ás súas demandas individuais.

Este acordo será remitido aos catro Comités de Empresa de SEAGA aos efectos da súa ratificación á maior brevidade posible.



Handwritten signatures of the four signatories, with the following labels below them:

- UGT
- CCOO
- CSIF
- ag